



**exultate jubilate**

**XOVES 14 DECEMBRO 2023**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**Maximino Zumalave**, director

**Carmen Buendía**, soprano

*\* Concerto en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago*

**CONVERSANDO CON...**

Maximino Zumalave

Sala Mozart, 19:45 h

f i a n d o   h i s t o r i a s

**MIGRACIONES**

## PROGRAMA

I

**MANUEL BALBOA (1958-2004)**

Saturnal

**OSVALDO GOLIJOV (1960)**

Lúa descolorida\*

**WOLFGANG AMADEUS MOZART  
(1756-1791)**

Exsultate Jubilate, K.165 (158a)

*Exsultate, jubilate*

*Recitative: Fulget amica dies*

*Alleluja!*

**Carmen Buendía**, soprano

II

**FRANZ SCHUBERT (1797-1828)**

Sinfonía núm. 6 D.589 en Do Maior

*Adagio; Allegro*

*Andante*

*Scherzo: Presto - Più lento*

*Allegro moderato*

\*Estrea en España

---

Duración aproximada do concerto: 85 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## DIRECTOR

Maximino Zumalave

## SOPRANO

Carmen Buendía

## VIOLÍNS I

Adriana Winkler  
(concertino)  
Victoria Jurov  
(axuda de concertino)  
Yulia Petrushevskaya \*\*  
Daniel Kordubaylo  
Anna Alexandrova  
Michal Ryczel  
Ilya Fisher

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Kiyoko Ohashi  
Samira Ajkic  
Helena Sengelow  
Elina Viksne  
Enrique Roca

## VIOLAS

Ionela Ciobotaru \*  
Iriana Fernández \*\*  
Ignacio Marino  
Timur Sadykov  
Oxana Bakulina  
Anne Schlossmacher

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Thomas Piel  
Manuel Lorenzo  
Álvaro Peregrina  
Carlos García

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Carlos Cascales (R)

## ÓBOES

Esther Viúdez \*  
Christina Dominik \*\*

## CLARINETES

Vicente López \*  
Bernardino Assunção  
(R)

## FAGOTES

Manuel Veiga \*  
Belén Carril (R)

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*  
Alfredo Varela \*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TIMBAL

José Vicente Faus \*

## ÓRGANO

Marta López (R)

\*principal | \*\*coprincipal | (R) reforzo

## BIOGRAFÍAS

### Maximino Zumalave

#### Director

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial foi a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras. Foi invitado a participar en xurados e presidir importantes certames e premios internacionais.

En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. No período 2010-2018 foi membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, dende 2014, formou parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e en 2016 recibiu o Premio da Cultura Galega.

## Carmen Buendía

### Soprano

Nace en Xaén no ano 1993. Empeza os seus estudos musicais no conservatorio en 2003 e dez anos máis tarde inicia os seus estudos no Conservatorio Rafael Orozco de Córdoba co tenor Juan Luque, para posteriormente finalizar no conservatorio Luigi Cherubini de Florencia coa mestra Donatella Debolini en decembro de 2020. Actualmente perfecciónase coa mezzosoprano Sonia Ganassi.

Foi alumna de importantes academias internacionais como o Maggio Musicale Fiorentino, a Accademia Rossiniana (Pesaro), e a Academia Belcanto Rodolfo Celletti (Martina Franca).

Desde 2018 gañou varios premios en concursos nacionais e internacionais entre os que destacan: Premio no Concurso de Juventudes Musicales de Madrid, o primeiro premio no Concurso Internacional de Canto Ciudad de Logroño; o primeiro premio no Certamen Nuevas Voces Ciudad de Sevilla, o primeiro premio no IX Concurso Internacional de Canto Un Futuro De

Arte e o primeiro premio no Concurso Compostela Lírica, ademais do segundo premio ex-aequo no Concurso Internacional de Canto Lírico Giulio Neri, entre outros.

Desde 2015 interpretou papeis operísticos como Violetta na ópera *A Traviata*; Donna Elvira na ópera *Don Giovanni*; Berta en *Il Barbiere di Siviglia*; Delia en *Il Viaggio a Reims*; Clarina en *La Cambiale de Matrimonio* de G. Rossini; Suora Infermiera na ópera *Suor Angelica*; Anna en *Nabucco*; Marcellina en *Le Nozze di Figaro...* en importantes teatros como o Teatro del Maggio Musicale Fiorentino, o Teatro de La Fenice de Venecia, o Teatro Rossini de Pesaro ou o Teatro Comunale de Sassari, entre outros.

Cabe destacar o seu debut en España como Anna de *Nabucco* o vindeiro mes de maio no Teatro de La Maestranza de Sevilla.

Carmen Buendía foi a gañadora do concurso de canto Compostela Lírica 2022.

## NOTAS AO PROGRAMA

### Exsultate jubilate

*Alegrádevos!* é o título do concerto desta noite que dá nome tamén a unha das obras centrais do programa, o *motete K.165 (158a)* de Mozart. O conxunto de pezas que escoitaremos pode dividirse en dous bloques atendendo a diversos criterios: por un lado, obras breves, de circunstancias, contemporáneas, cun carácter intimista e reflexivo e vinculadas a Galicia (as de Balboa e Golijov); por outro, dúas obras do “gran repertorio” que desbordan ledicia e desenfado e que, como veremos, gardan unha estreita relación con Italia (as de Mozart e Schubert).

*Saturnal* de Manuel Balboa (1957-2004) é unha obra cun gran valor simbólico para a Real Filharmonía de Galicia. Este traballo sinfónico foi un encargo que a orquestra fixo, por mediación do director Maximino Zumalave, para o seu concerto inaugural, o 29 de febreiro de 1996 e que se estreou baixo a batuta do mestre Helmuth Rilling. O compositor coruñés, tal e como explica o profesor Carlos Villar, estudoso da figura de Balboa, destacou por unha grande versatilidade técnica, polo seu afán expresivo e comunicador

e por escapar de dogmatismos. Sobresaíu especialmente na música cinematográfica, con numerosas colaboracións co director de cine José Luis Garci en películas ben coñecidas como *El Abuelo*. No mesmo ano que compuxo a obra que nos ocupa recibiu outros importantes encargos que o situarían como un dos grandes nomes da música galega contemporánea: *Buserán* para a Orquestra Sinfónica de Galicia e *Cuando Llegue la noche* para a Orquestra Nacional de España. Balboa definiu *Saturnal* como unha “meditación melancólica para orquestra”. Trátase dunha peza breve de carácter evocador na que se fai un uso moi suxestivo do silencio e no que abundan cambios de tempo e compás que, debido á súa sutileza, pasan case desapercibidos ao oínte. Predomina unha sonoridade moi transparente polo emprego de texturas simples e por unha concepción moi camerística da orquestra, con numerosos solos en distintos instrumentos. A pesar de ser unha obra instrumental, o resultado xeral parece un canto a media voz, conseguido pola introdución de efectos como o *sul tasto* (técnica que consiste en tocar co arco enriba do diapasón producindo un son suave e afrutado)

e a utilización de sordinas en metais e cordas. Abre a obra un toque de timbal que dá paso a unha serie de deseños ascendentes que culminan sempre nunha nota mantida e que revisten esta composición dun claro sentido de ingravidez, invitando á introspección nostálxica á que aludía o seu autor.

En 1999 estreouse a primeira versión de *Lúa Descolorida* para voz e piano de Osvaldo Golijov (1960), un encargo da Barlow Endowment for Music Composition. Ao ano seguinte, a Minnesota Orchestra solicitou a versión para orquestra que hoxe escoitaremos. Golijov é un compositor cosmopolita que naceu en Arxentina, medrou e formouse en Israel e afinouse nos EUA., onde aínda reside, a finais da década dos 80.

As súas primeiras influencias foron a música clásica occidental, a tradición litúrxica xudía, a música klezmer (étnica e popular hebrea) e o universo do tango de autores como Piazzolla. Este eclecticismo inicial, marca toda a súa obra e traxectoria posterior. *Lúa descolorida* está escrita para soprano e orquestra de corda e baséase no poema homónimo de Rosalía de Castro (1837-

1885) pertencente ao seu libro *Follas Novas* publicado en 1880. Estes versos rosalianos eran moi queridos por Federico García Lorca e definen a desesperación dende un punto de vista tenro e tráxico simultaneamente (“*lúa descolorida como cor de ouro pálido, vesme i eu non quixera que me vises de tan alto. Ó espazo que recorres, lévame, caladiña, nun teu raio*”). O autor leva esa aparente unión de contrarios á música e define a súa composición da seguinte maneira: “o escenario musical é unha constelación de símbolos claramente definidos que afirman contradicións rematando ao final nunha pregunta sen resposta”. A inspiración deste traballo foi a voz da soprano Dawn Upshaw, dedicataria da peza e quen se encargaría da súa estrea xunto ao pianista Gilbert Kalish. Ademais, o compositor recoñece que pretendía homenaxear dous autores do pasado: François Couperin, autor francés do barroco, cun recordo aos melismas das súas *Leccións de Tebras* (escritas para os oficios de mércores santo das monxas do convento de Longchamp en 1714); e tamén a Franz Schubert, co que curiosamente comparte programa hoxe.

## NOTAS AO PROGRAMA

Con tan só dezaseis anos escribía Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791) o seu motete *Exsultate Jubilate K.165 (158a)* para voz e orquestra (pequena, con dous óboes, dúas trompas, cordas e órgano portativo). O xénero do motete nacera no s.XIII no seo da Escola de composición de Notre Dame de París e era en orixe unha obra vocal polifónica e politextual, é dicir cun texto distinto para cada voz, incluso moitas veces en idiomas diferentes e con contradicións importantes en canto a contido, sendo a liña principal un canto gregoriano preexistente sobre o que se construía o resto da obra. Na época de Mozart, durante o Clasicismo, tratábase dunha especie de cantata sacra para voz e orquestra con texto relixioso en latín. *Exsultate Jubilate* foi estreada o 17 de xaneiro de 1773 na igrexa de Theatines (Milán) a cargo do *castrato* Venanzio Rauzzini. Este famoso cantante fora unha das primeiras voces da ópera de Viena e Mozart coñeceuno en Milán (esta cidade era parte do territorio austríaco naquel momento) cando o compositor estaba alí co seu pai para a estrea da ópera *Lucio Silla*, na que Rauzzini tiña un papel protagonista. Impresionado pola súa calidade e virtuosismo,

Mozart escribiulle este motete durante a súa estada en Milán e posteriormente Haydn tamén lle dedicaría algunha das súas obras (na actualidade o papel do *castrato* é interpretado por sopranos). Existe unha segunda versión recollida nun manuscrito que se atopou en Salzburgo que presenta algunhas diferencias e que se cree que foi rematada, en parte, por un colaborador de Mozart. A obra escrita en *Fa M* está dividida en tres seccións: un *Allegro, Exsultate Jubilate*, de carácter brillante; o recitativo *Fulget amica* dies que introduce o *Tu virginum corona*; e por último outro *Allegro*, o *Alleluja*, moi virtuosístico e o preferido por cantantes e público. Este motete supón un auténtico desafío técnico para a solista, con grandes saltos entre notas de rexistros moi afastados e abundancia de pasaxes rápidas e floridas.

Tal día coma hoxe, pero hai cento noventa e cinco anos, o 14 de decembro de 1828, estreábase a *Sinfonía núm. 6 en Do M D.589* de Franz Schubert (1797-1828), tan só catro semanas despois da morte do autor. Esta obra é coñecida habitualmente como *Pequena Sinfonía en Do* para distinguila da novena, na mesma tonalidade



e coñecida como “A Grande”. Trátase dunha obra de xuventude composta entre 1817 e 1818, que marca un punto de inflexión respecto ás cinco primeiras sinfonías nas que Schubert tomou como modelo a Mozart, mentres que nesta se fixaría máis en Haydn e Beethoven. Outra influencia moi importante nesta obra foi o mundo operístico italiano, concretamente do compositor Gioacchino Rossini que estaba moi de moda en Viena por aquela época (de feito nas mesmas datas Schubert compón dúas aberturas “á italiana”, a *D.556* e a *590*). O primeiro movemento comeza cun *Adagio* onde destacan uns acordes solemnes acompañados dunhas escalas ascendentes e descendentes no que os instrumentos de vento xogan un papel predominante. Como sinala Tranchefort na súa famosa guía de orquestra, esta introdución lenta ten un carácter teatral que nos transmite unha impresión de espera e moi pronto dá paso ao *Allegro*. Este presenta unha estrutura de forma sonata, con exposición, desenvolvemento e recapitulación, máis unha coda na que queda patente todo o influxo rossiniano co característico *crescendo* final. Na exposición e recapitulación

escoitamos dous temas confiados a instrumentos de vento, algo que será cada vez máis típico durante o Romanticismo grazas ás melloras organolóxicas destes instrumentos. As dúas ideas son de carácter enérxico, alegre e desenfadado, como as melodías de moitas óperas bufas. O segundo movemento, *Andante*, en *Fa M*, supón un contraste ao primeiro, cun único tema que é exposto primeiro pola corda e logo repetido polas madeiras. Schubert desprega todo o seu bo saber para o traballo da melodía que tanto o fixo triunfar como compositor de *lieder*. Á melodía principal contraponse un motivo rítmico que achega dinamismo. No terceiro movemento o compositor mira claramente cara a Beethoven ao utilizar por primeira vez o termo *Scherzo* nunha sinfonía, en lugar do habitual *Minuetto*. Consta de tres partes como é costume, neste caso: *Presto* (con dous temas), un trío *Più lento* e volta ao *Presto*, un pouco acurtado. Remata a sinfonía cun *Allegro* que presenta unha estrutura libre no que algúns estudosos consideran unha investigación no campo da forma. Ten un carácter lixeiro e xocoso que volve recordar a Rossini encadeando distintos elementos melódicos que se van

## NOTAS AO PROGRAMA

presentando, novamente cun claro protagonismo das madeiras.

Pasado e presente danse a man no programa desta noite para convidarnos nun primeiro momento ao recollemento e á reflexión como antesala dunha exaltación da ledicia tan propia destas datas.

**CARME TUBÍO BARREIRA**



---

## AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

## OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

---

**rfgalicia.org**

**compostelacultura.gal**

---

## INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

## FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

## TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

---

# PRÓXIMO CONCERTO

## cantamos!

**XOVES 21 DECEMBRO**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

**Javier Fajardo**, director

## CORO ORFEÓN TERRA A NOSA

**Mateo Iglesias**, director

## COROS PARTICIPATIVOS

**Proxecto colaborativo con coros de Galicia**

- Ludwig van Beethoven: Abertura de Fidelio
- Juan Montes: Misa na honra do Apóstolo Santiago (arr. Joam Trillo)

## CONVERSANDO CON...

Javier Fajardo

Sala Mozart, 19:45 h

